

**Persoas destinatarias**

Alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, matriculado nos cursos 2021/2022 e 2022/2023 no réxime xeral de 1º e 2º Bacharelato.

## Prazo de solicitude aberto do 14/02/2023 ata o 13/03/2023 (ambos incluídos)

	MODALIDADE	DURACIÓN	RÉXIME ALOXAMENTO	Nº PRAZAS	REPARTO DAS PRAZAS POR GRUPOS				CUSTO POR PRAZA (€)	ACHEGA DAS FAMILIAS POR GRUPO (€)			
					GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D		GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
2º BACH	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	85	33	25	17	10	4600	375	670	1180	1475
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	145	43	41	33	28	3300	285	510	898	1122
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	30	9	7	6	8	3630	285	510	898	1122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	2640,22	254	454	800	1000
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3630	285	510	898	1122
1º BACH	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia ou residencia	190	65	55	42	28	3300	285	510	898	1122
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia ou residencia	143	54	41	29	19	4600	375	670	1180	1475
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	30	9	7	6	8	3630	285	510	898	1122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	2640,22	254	454	800	1000
	Alemán en Alemaña	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	3630	285	510	898	1122
Total prazas:				643	221	180	137	105					

**Requisitos Cota Xeral:**

- Estar cursando, no réxime xeral, 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos durante o curso 2022/2023, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/o nalgunha prohibición para a subvención.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2021/2022.
- Nota mínima na materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadia de *Ben* ou 6 no curso 2021/2022.
- Ter DNI ou NIE en vigor, segundo corresponda. Dispoñer de pasaporte e documentación que permita viaxar ao estranxeiro.

**Requisitos Cota Reserva:**

Alumnado ao que lle correspondería praza na convocatoria 2022, seguindo os criterios de selección e ata o máximo das prazas ofertadas establecidas na Orde do 11 de xaneiro de 2022, das axudas correspondentes á realización das actividades de formación en linguas estranxeiras previstas e non realizadas no ano 2022. Co correspondente cumprimento dos requisitos establecidos na devandita Orde, este alumnado non gozou destas actividades ao quedar desertos os concursos públicos para o desenvolvemento destes servizos.

## COTA XERAL

### 1º DOCUMENTACIÓN QUE TERÁ QUE PRESENTAR

- **Anexo I** Ten que estar asinado pola persoa representante (pai/nai ou titor/titora) ou polo/a alumno/a, no caso de ter a maioría de idade.
  - **Anexo II**

Deberá estar **asinado por todos os membros da unidade familiar**. Para os efectos desta convocatoria, terán a consideración de membros da unidade familiar:

    - Os proxenitores non separados legalmente nin divorciados ou, no seu caso, a/as persoa/as titora/s do alumnado.
    - Os/as fillos/as menores de idade coa excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
    - Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
    - Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
    - Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos/as fillos/as que teñan en común.
    - A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.
    - Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai ou persoa de situación análoga e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.
    - Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación ou divorcio, excepto no caso de custodia compartida.
- **Nota Anexo II**
- No caso de familias nas que conviva co alumnado un só proxenitor/titor, a solicitude acompañarase da xustificación documental das circunstancias alegadas no anexo I (alegacións circunstancias familiares).
  - Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poida dispoñer das informacións referidas neste anexo, non se lles esixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polas Administracións correspondentes.
  - No caso de non asinarse algunha autorización, deberá presentarse a documentación correspondente (copia do documento de identidade, certificación de ingresos do ano 2021, certificación de estar ao día de pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para subvencións e axudas, certificación de non ter débedas coa Seguridade Social, certificación de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia, certificación de discapacidade ou certificación de pensionista de grande invalidez, segundo o caso).
  - Certificación académica do curso 2021-2022, con cualificacións, tal como indica o punto 1 do Artigo 6 da Orde de convocatoria.
  - Certificación de matrícula do curso 2022/23
  - Fotocopia de todas as follas cubertas do libro de familia.
  - Fotocopias dos documentos de identidade das persoas que non outorguen autorización para a verificación de identidade (no Anexo I e/ou no Anexo II).

#### **Alegacións incluídas no Anexo I, referidas ao Anexo V (puntos 3º e 4º):**

- Certificado de discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor/a, ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas, ou certificación de pensionista de grande invalidez, que deberán acreditarse só no caso de non autorizar a súa consulta (Anexo II) ou de ser expedidos por outra Comunidade Autónoma.

- Certificado de familia numerosa, só no caso de non autorizar a súa consulta ou cando sexa emitido por outra Comunidade Autónoma.

### 2º PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (2 FORMAS)

#### 2ºA) A través da Sede Electrónica

Será necesario dispor de calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia ou Chave365.

- Entrarase ao formulario normalizado aplicación AXUDASLE [www.edu.xunta.gal/axudasle](http://www.edu.xunta.gal/axudasle), a través da opción do menú "3. Cota xeral"
- Cubra o formulario normalizado e, unha vez cuberto, seleccione a opción "**Presentación Telemática En Sede Electrónica**".
- Deberase remitir como documento adxunto o Anexo II para o cal, tras imprimilo (dende a sección "Anexos asociados" da Sede Electrónica), cubriro e asinalo, deberá converterse a formato pdf antes da súa remisión.
- Na opción de presentación telemática, a solicitude só se considerará presentada a través da súa sinatura na Sede Electrónica (<https://sede.xunta.gal/>).

O resto da documentación (certificación de matrícula académica, etc. –ver o punto 1º do cartel-) remitirase en formato pdf como documentación adxunta.

#### 2ºB) En Rexistro oficial ou Correos

Entrarase ao formulario normalizado a través da opción do menú "3. Cota xeral"

Cubra o formulario normalizado e, unha vez cuberto, seleccione a opción "**Imprimir Para Entrega Por Rexistro Oficial**", poderá descargar DOUS documentos independentes en formato de PDF, correspondentes aos anexos I e II, que a/s persoa/s interesada/s deberá/n imprimir e asinar antes da súa remisión co resto da documentación. A solicitude e o anexo II teñen que ser asinados nos espazos indicados a tal fin. Despois deberá remitir os orixinais.

Presente a solicitude, os anexos e o resto da documentación (certificación académica, etc. –ver o punto 1º do cartel-) nun rexistro oficial ou enviarse a través de Correos (sobre aberto para que o persoal de Correos sele a solicitude Anexo I-).

#### **Enderezo de envío**

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa  
Servizo de Innovación e Programas Educativos  
AxudasLE

Edif. Administrativo de San Caetano s/n  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

## COTA RESERVAS

### 3º CONFIRMAR PRAZA RESERVADA

- Acceder á páxina web para realizar a **confirmación** da súa praza de reserva [www.edu.xunta.gal/axudasle](http://www.edu.xunta.gal/axudasle)
- Para confirmar a reserva de praza deberá seleccionar o menú **2. Cota reserva**
- Unha vez dentro, deberá introducir o DNI/NIF da persoa solicitante, así coma o código de solicitude correspondente á convocatoria 2022
- Cando seleccione a opción **CONFIRMAR**, recibirá un correo electrónico indicando que iniciou o proceso de confirmación da súa reserva de praza da convocatoria 2022.
- O prazo para confirmar a súa reserva a través de [www.edu.xunta.gal/axudasle](http://www.edu.xunta.gal/axudasle) remata o **13 de MARZO**.
- Unha vez rematado o prazo, considerarase que as persoas que non confirmaron a reserva a través de [www.edu.xunta.gal/axudasle](http://www.edu.xunta.gal/axudasle), renuncian á súa reserva de praza.
- Teña en conta que unha vez rematado o prazo de solicitudes (13 marzo), a Consellería de Educación enviaralle unha notificación a través do sistema Notifica.gal e vostede terá que **confirmar a lectura da notificación electrónica no prazo de 10 días naturais**. Se non recibe dita notificación antes do 20 de marzo deberá comunicalo na seguinte dirección de correo [axudasle@edu.xunta.gal](mailto:axudasle@edu.xunta.gal)
- **A non confirmación de lectura** da notificación electrónica no prazo de 10 días, realizada a través de Notifica.gal, **entenderase como renuncia da axuda**.
- Serán rexeitadas as solicitudes presentadas mediante o procedemento de cota xeral, en caso de ter rematado con anterioridade o proceso de confirmación de reserva de praza da convocatoria 2022.

### 4º PUBLICACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS, REQUIRIMENTOS DE EMENDA E EXCLUÍDAS

Comprobe periodicamente, na páxina web do programa <https://www.edu.xunta.es/axudasle>, o estado da súa solicitude na sección "4. Estado solicitude".

Una vez finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, publicaranse as primeiras listaxes. Haberá un **prazo de 10 días hábiles** despois desta publicación, **para emendar erros e presentar a documentación** requirida, que poderá consultarse, mediante identificación do DNI/NIE e código solicitude na web do programa. De non presentar dita documentación, poderá supoñer a exclusión do proceso de selección ou non ter en conta as condicións alegadas e non xustificadas.

### 5º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS

Comprobe na web do programa <https://www.edu.xunta.es/axudasle> que estea nas listaxes. Estarán ordeadas por puntuación para cada un dos cursos.

Así mesmo, publicarase a listaxe de solicitudes con requirimentos relacionados coas comprobacións de datos referidas no artigo 8.1 apartados c), d), e), f).

Abrirase un prazo de 10 días hábiles para formular reclamacións e para a presentación da documentación sinalada nos requirimentos relacionados coa comprobación de datos. Pode descargar a *instancia\_engadir\_documentacion* para a presentación de documentación complementaria.

### 6º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS

No caso de estar na listaxe de alumnado seleccionado terá que enviar, nun prazo de **5 días naturais**, a seguinte documentación:

- Aceptación ou renuncia á axuda, segundo o **Anexo III**.
- **Xustificante bancario** do pago da achega familiar á empresa adjudicataria.
- Copia do pasaporte ou visado en vigor, no caso do alumnado que requira da citada documentación para a súa participación nas actividades no estranxeiro.
- Copia da documentación relacionada coa COVID-19 que sexa precisa para poder levar a cabo a mobilidade de acordo coa normativa vixente nos países e destino (e de tránsito, de ser o caso), no momento de realización da actividade.

Esta documentación remitirase por **correo electrónico** a [axudasle@edu.xunta.gal](mailto:axudasle@edu.xunta.gal) con copia á empresa responsable das actividades. **Ademais, deberase remitir dita documentación á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través dun rexistro oficial ou mediante correo ordinario.**

**O non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adjudicada.**

#### NOTA ACLARATORIA Á ACEPTACIÓN DA AXUDA

Unha vez aceptada a axuda (pago da achega familiar), a renuncia posterior implicará pagar o importe total do custo da actividade, como se establece no artigo 18 de Orde de convocatoria.

- No caso de abandono do programa sen rematalo, deberá facerse cargo do pagamento dos gastos correspondentes ao regreso.

- No caso de abandono inxustifico, así mesmo, deberá facerse cargo do custo total da praza.

- No caso de expulsión do programa, deberá facerse cargo do pagamento do importe de regreso e do custo total da praza e, de ser o caso, dos gastos ocasionados pola expulsión.